

PALATINO MARTÍNEZ CACHÓN

de Guímara ao inferno

Cando o traballador da prisión de A Lama me colleu o teléfono e escoitou que andaba á procura de información dun tío do meu avó non deu crédito nin soubo como proceder. Que interese podía ter unha rapaza de 24 anos en mergullar no arquivo dun familiar que non coñeceu, do que apenas escoitou falar e que non tivo descendencia?

Cando souben que vivía a escasos metros do que fora un campo de concentración franquista comecei a preguntar á miña familia ao respecto. Por que nunca souben nada? Que pasou alí? Non tardei en coñecer a historia de Palatino, un tío do meu avó natural de Guímara (Peranzanes, Bierzo) que fora levado preso a Camposancos.

Pouco máis se contaba na familia, alén de que a súa muller, Gloria, seguira o seu rastro ata chegar a Guarda, quedándose na casa dunha familia de Pintán.

Ese foi o punto de partida dunha investigación que comecei a comezos de ano, na que souben o percorrido real de Palatino ata chegar á prisión de Camponsacos:

Palatino Martínez Cachón tiña 47 anos e era natural de Guímara, aínda que traballaba de minero en Fabero. Estaba casado, sen fillos. No ano 38, tras enrolarse no batallón 210 é detido por “auxilio á rebelión” en Pola de Somiedo e levado preso á Prisión de San Marcos (León). En outubro dese mesmo ano é trasladado ao vapor prisión Upo Mendi, onde seguirá preso ata o 27 de xaneiro de 1940, cando é trasladado a Camposancos debido a unha vía de auga no barco. Entretanto a sua muller, Gloria, chegou á Guarda despois dun longo camiño dende o Bierzo, seguindo a pegada de Palatino. O 1 de outubro de 1940 Palatino recibe a liberdade condicional, regresando a Fabero.



Palatino e Gloria ao pouco tempo de voltar a Fabero

Con case cen páxinas de informes, expedientes, e cartas, busco agora coñecer máis sobre esa liberdade condicional e sobre persoas que puideron ter algún tipo de relación con el ou coa súa muller, que tanto rezaba nos cruceiros da Guarda, cando non estaba pedindo esmola. Con isto pretendo asumir a responsabilidade que temos os familiares dos represaliados de recuperar e conservar a memoria histórica, elaborando no caso de Palatino o seu propio arquivo persoal, onde ver dunha ollada toda a súa historia como represaliado. Falta, como mencionei, unha parte fundamental que é a vencellada á memoria oral, por iso **agradezo a calquer persoa que puidera ter coñecido a Palatino ou a Gloria (ou teña calquer lembranza por moi anecdótica que pareza con algún deles) se poña en contacto connigo no correo angela.rodriguez050@gmail.com.**

Grazas por axudarme a reconstruír a historia de Palatino, que é tamén a miña (coa metade da familia no Bierzo e a outra metade na Guarda a raíz deste encarceramiento), e é tamén a de tod@s.